

Prezada profesora/ Prezado profesor,

Como todos os anos abrimos o prazo de solicitude para participar nas comisións delegadas (CD) e nas comisións de avaliación (CA) das probas de Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade na convocatoria de 2024.

Do mesmo xeito que o curso pasado, a inscrición deberase facer de xeito electrónico a través dos formularios de inscrición aos que se pode acceder desde o enderezo web que figura ao final desta mensaxe. A continuación ofrécese información sobre os distintos cambios que se producen nesta convocatoria de 2024.

No caso de que se desexe participar é necesario ter en conta as seguintes indicacións.

1.- As probas e a avaliación dos exames realizaranse nas seguintes datas:

XUÑO	Probas	días 4, 5 e 6 (martes-mércores-xoves; a tarde do xoves resérvase para posibles incidencias)
	Recollida de exames	día 7 (venres)
	Data límite para a gravación en NERTA das cualificacións dos exames corrixidos	día 12 (mércores)
	Entrega de exames corrixidos	dependendo da materia: día 12 ou día 13 (mércores ou xoves)
XULLO	Probas	días 2, 3 e 4 (martes-mércores-xoves; a tarde do xoves resérvase para posibles incidencias)
	Recollida de exames	día 5 (venres)
	Data límite para a gravación en NERTA das cualificacións dos exames corrixidos	día 9 (martes)
	Entrega de exames corrixidos	día 10 (mércores)

2.- As Comisións Delegadas constituíranse os luns días 3 de xuño e 1 de xullo ás 18:00 horas nas sedes onde se celebrarán as probas.

Os/As vogais das Comisións de Avaliación deberán asistir obrigatoriamente ás reunións que convocará o/a Director/a de cada materia coa finalidade de recibir as instrucións sobre os criterios específicos de corrección (venres días 7 de xuño e 5 de xullo, na Facultade de Dereito).

3.- O nomeamento de vogais das Comisións de Avaliación (CA) e Comisións Delegadas (CD) farase para cada unha das convocatorias.

4.- Os/As vogais das Comisións delegadas deberán colaborar en todas as tarefas de vixilancia que lles sexan encomendadas polo/a Presidente/a da Comisión.

5.- As retribucións que percibirán os membros das Comisións en cada convocatoria para o presente curso son de 435 € para os vogais das CA e de 335 € para os vogais das CD.

6.- Cando un membro forme parte dunha Comisión de Avaliación e dunha Comisión Delegada, a retribución que percibirá será o 90% da suma das gratificacións que lle corresponden pola súa colaboración en cada comisión.

7.- Na elección de vogais para unha e outra comisión (xuño e xullo), terase en conta dun xeito favorable que o/a solicitante desexe participar en ambas comisións. Do mesmo xeito, unha vez feitos os nomeamentos, a renuncia a participar nunha das comisións pode facerse extensiva para a outra.

8.- Pódese solicitar formar parte da Comisión de Avaliación das seguintes materias:

Alemán, Análise Musical II, Artes Escénicas II, Bioloxía, Ciencias Xerais, Coro e Técnica Vocal II, Debuxo Artístico II, Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II, Debuxo Técnico II, Deseño, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio, Física, Francés II, Fundamentos Artísticos, Grego II, Historia da Arte, Historia da Filosofía, Historia da Música e da Danza, Historia de España, Inglés, Italiano, Latín II, Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, Movementsos Culturais e Artísticos, Portugués, Química, Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica, Tecnoloxía e

Enxeñaría II, Xeografía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais.

9.- Para formar parte das comisións é imprescindible non estar incurso/a, durante este curso, nalgunha das causas de abstención das previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do 26 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (punto segundo do artigo 23 da lei 40/2015 do 1 de outubro).

2. Son motivos de abstención os seguintes:

- a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveña no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas na alínea anterior.
- d) Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

10.- A inscrición para solicitar a participación nas comisións debe realizarse antes do 9 de febreiro por medio do formulario accesible a través da seguinte ligazón:

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN EE.MM.](#)

<https://forms.office.com/e/ZGQ6AzQFKL>

Pedro Armas Diéguez
Presidente da CiUG